

Anuncio de licitación do contrato da obra de Mellora do saneamento e pavimentación en rúa J.B. Carrera Fábregas, tramo 1.

1. Entidade adxudicadora

- a) Organismo: Concello de Corcubión
- b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría
- c) Obtención de documentación e información:
 1. Dependencia: Concello de Corcubión.
 2. Domicilio: Praza José Carrera, 1
 3. Localidade e Código postal: Corcubión 15130
 4. Teléfono: 981745400
 5. Fax: 981747100
 6. Correo electrónico: correo@corcubion.gal
 7. Dirección de internet do perfil do contratante: www.corcubion.gal
 8. Data límite de obtención de documentación e información: ata as 14:00 horas do día anterior ao de remate de presentación.

2. Obxecto do contrato

- a) Tipo: contrato de obra.
- b) Descrición: Mellora do saneamento e pavimentación na rúa JB Carrera Fábregas, tramo 1.
- c) División por lotes; Non
- d) Prazo de execución: TRES (3) meses.
- e) Admisión de prórroga: Non
- f) Establecemento dun acordo marco: Non
- g) CPV: 153261900

3. Tramitación e procedemento:

- a) Tramitación: ordinaria
- b) Procedemento: aberto
- c) Poxa electrónica: non
- d) Criterios de adxudicación: multiplicidade de criterios de valoración.

4. Presuposto base de licitación:

O prezo de licitación do contrato é de 59.652,41 € (49.299,51 € e 10.352,90 IVE).

5. Garantías esixidas:

Provisional: non se esixe

Definitiva: 5% do importe de adxudicación (IVE excluído).

6. Requisitos específicos do contratista:

- a) Clasificación do contratista: non se esixe.
- b) Solvencia técnica ou profesional: Cláusula doce do prego de cláusulas administrativas.
- c) Solvencia económica: Cláusula doce do prego de cláusulas administrativas.
- d) Outros requisitos específicos: Non
- e) Contratos reservados: Non

7. Presentación de ofertas:

a) Data límite de presentación: O anuncio de licitación será publicado no Perfil do Contratante do Concello de Corcubión (www.corcubion.gal)

As proposicións para tomar parte na licitación presentaranse polos medios admitidos, dentro do prazo de VINTESEIS (26) DÍAS NATURAIS, a contar dende o día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da provincia. En caso de resultar festivo o día da finalización do prazo quedará automaticamente prorrogado ao día hábil seguinte.

b) Modalidade de presentación: A documentación presentarase en tres sobres pechados que conterán:

1. Sobre A: Documentación Xeral
2. Sobre C: Referencias técnicas. Criterios non avaliados de forma automática.
3. Sobre B: Oferta económica e referencias valorables automaticamente.

8. Apertura de ofertas:

- a. Entidade: Concello de Corcubión
- b. Enderezo: Praza José Carrera, 1
- c. Localidade e código postal: Corcubión 15130
- d. Data e hora: celebrarase no lugar, día e horas que se indique no Perfil do Contratante do Concello.

Corcubión, 13 de xullo de 2017

O Alcalde

Manuel Insua Insua